

Paso 2: determina as fases do proceso de creación do produto

Dúas recomendacións	Exemplo dun produto sinxelo	Exemplo dun produto complexo	A miña proposta
1. Convén deseñar o proceso en tres fases: inicial, desenvolvemento e final. En cada fase convén incluír as seguintes actividades: -Inicial: actividades de avaliación inicial, de motivación e de concreción do proxecto. -Desenvolvemento: actividades de creación do produto. -Final: actividades de divulgación do produto, de recapitulación e síntese e de avaliación final. 2. Teñamos en conta que a realidade sempre vai superar os nosos plans. Aproveitemos as oportunidades e os problemas que nos deparan a vida e o azar. Pero aínda así, é mellor ter un plan que non telo.	Fase inicial: Na avaliación inicial comprobaremos o grao de dominio que o alumnado ten das recensións ou críticas literarias e cinematográficas como modelos textuais. Presentaremos o proxecto e concretaremos os contidos do noso boletín de recensións. Tamén é bo momento para poñerlle un nome interesante.	Fase inicial: Na avaliación inicial coñeceremos os hábitos de consumo audiovisual do alumnado (tendo en conta tamén o audiovisual na rede). Tamén debemos coñecer o seu dominio dos formatos informativos e as súas destrezas de concentración, atención e comprensión de mensaxes orais. Presentaremos o proxecto e concretaremos as pezas informativas que crearemos, elixindo xéneros e temas.	Fase inicial:
	Fase de desenvolvemento: Traballaremos a fondo a lectura comprensiva das recensións e críticas como modelos textuais. Serviranos para afinar a pericia crítica e a perspicacia interpretativa do alumnado. Escribiremos as recensións considerando a escritura como un proceso de planificación, textualización e revisión. Editaremos as críticas cunha aplicación informática (p.ex.: Publisher).	Fase de desenvolvemento: Traballaremos cos xéneros informativos da noticia, da reportaxe e da entrevista. Veremos exemplos e coñeceremos as súas características e as súas estruturas textuais. Empregaremos técnicas de búsqueda de información para profundar nos temas que imos tratar. Sairemos á rúa para buscar máis información e falar directamente cos protagonistas. Escribiremos noticias, reportaxes e entrevistas, entendendo a escritura como un proceso. Coñeceremos as técnicas básicas de gravación e edición, así como os elementos básicos da linguaxe audiovisual. Gravaremos e editaremos o programa.	Fase de desenvolvemento:
	Fase final: Presentaremos o boletín e divulgáremolo polo instituto. Deixáremolo nas librarías da localidade. (Non sería mala idea conseguir anunciantes para sufragar a impresión: por exemplo, dunha librería ou dun videoclube).	Fase final: Divulgaremos o programa a través da rede.	Fase final: